

mínimos específicos e indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais nos centros de atención á infancia (garderías infantís).

A refirida conciliación obriga a esta consellería a fixar os servizos mínimos necesarios para o axeitado desenvolvemento das actividades en prol do principio constitucional de protección social da familia (artigo 39) que abrangue a actividade asistencial e educativa.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores, dada a súa entidade, debe exercerse continuamente.

A determinación dos servizos mínimos por porcentaxe considérase como criterio máis apropiado para a fixación do persoal que debe prestalos, dada a diversidade existente na dimensión e tamaño dos centros de atención á infancia que hai na nosa comunidade. Así, asígnase unha porcentaxe inferior ao 50%, en relación cos cadros de persoal dos ditos centros, e tendo, ademais, en conta, a ocupación actual deles.

Hai que ter presente que os centros de atención á infancia non están abertos aos sábados, domingos ou festivos; en consecuencia non é posible atender ao criterio establecido como medida cautelara na parte dispositiva do auto do 19 de xuño de 2002, do Tribunal Superior de Xustiza, en relación coa Orde do 17 de xuño de 2002 da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública pola que se ditan as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 20 de xuño de 2002, por tanto cómpre establecer normas específicas para garantir os servizos esenciais e para protexer os bens xurídicos mencionados nos parágrafos anteriores nos centros de atención á infancia.

En consecuencia, de acordo coa normativa citada, notificados e oídos os membros asistentes do comité de folga, e tendo en conta o exposto,

#### DISPÓÑO:

##### Artigo 1º

Terán a consideración de servizos mínimos en todos os centros con carácter xeral:

-O 30% do persoal de atención directa aos nenos (técnicos especialistas en xardín de infancia ou mestres especialistas en educación infantil).

##### Artigo 2º

A designación nominal do persoal que deberá cubrir os distintos servizos relacionados no artigo anterior será feita pola dirección do centro respectivo, procedéndose á súa publicación no taboleiro de anuncios dos centros afectados.

##### Artigo 3º

O incumprimento da obriga de atender os servizos mínimos fixados nesta orde será sancionado de conformidade coa normativa vixente.

##### Artigo 4º

O disposto nesta orde non suporá ningunha limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga reconece ao persoal na dita situación.

##### Artigo 5º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos centros sinalados.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2005.

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude,  
Deporte e Voluntariado

### **INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS**

*Resolución do 12 de maio de 2005 pola que se anuncia a convocatoria do XIV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais do ano 2005.*

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellería de Cultura Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia convoca a edición para o ano 2005 do XIV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, consonte as seguintes

#### *Bases*

##### Primeira.-Premio.

Anúnciase o XIV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, correspondente á edición de 2005. A concesión do premio comprende a dotación económica de 6.025 euros, así como a publicación e posibilidade de representación da obra premiada. A citada cantidade será imputada nos orzamentos de gasto para o exercicio 2005 con cargo á aplicación orzamentaria 1060.354A.640.1, Investimento de carácter inmaterial IGAEM, e estará suxeita ao tratamento fiscal correspondente en vigor no momento da concesión.

##### Segunda.-Requisitos.

Poderán optar ao premio textos teatrais inéditos escritos en galego conforme a lexislación vixente, non representados e non premiados noutros concursos. O autor galardoado nesta edición non poderá volver presentarse a este premio nas súas dúas convocatorias seguintes.

As obras serán de temática libre e sen limitación na súa extensión, ben que se considera o principio de duración normal dun espectáculo completo entendido nun sentido amplo, quedando excluídas, xa que logo, as obras de teatro breve.

##### Terceira.-Presentación de orixinais.

Os textos deberán ser presentados por quintuplicado en tamaño DIN A-4, en exemplares separados, mecanografiados a dobre espazo por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados e en perfectas condicións de lexibilidade.

Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema inscritos na súa portada e acompañados dun sobre

pechado en cuxo exterior conste o mesmo lema da obra e no interior o nome e apelidos do autor, nacionalidade, NIF ou NIE ou número de pasaporte, se é o caso, enderezo e número de teléfono.

Poderase igualmente, en substitución dos datos anteriores, presentar baixo pseudónimo. Se se escolle esta modalidade os datos que hai que incluír no sobre correspondente serán como mínimo pseudónimo e NIF, NIE ou número de pasaporte.

Cuarta.-Prazo e lugar de admisión.

O período de admisión dos orixinais remata no prazo de 60 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da resolución que faga públicas estas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

Os orixinais deberán enviarse ao seguinte enderezo: Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais.

Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).

Apartado de correos 150 (San Lázaro).

15771 Santiago de Compostela (A Coruña).

Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Quinta.-Xurado.

O xurado estará formado por un presidente e catro persoas de recoñecida capacidade e prestixio no mundo teatral, entre as que figurará o autor premiado na edición anterior. O conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo nomeará o presidente e a dous dos catro vogais, en tanto que o Consello Reitor do IGAEM nomeará os outros dous. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un/ha traballador/a do IGAEM, proposto/a polo xerente.

A composición do xurado farase pública no momento de se producir o seu ditame.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria como mínimo a asistencia de dous terzos dos seus membros. As súas deliberacións serán secretas e reflectiránse na acta correspondente, que será asinada pola totalidade dos membros do xurado e polo secretario.

O ditame do xurado será inapelable.

Os membros do xurado non poderán presentar textos teatrais a esta convocatoria.

O xurado, complementariamente ás calidades literarias e aos contidos dramáticos que posúa o texto, considerará con criterio positivo a viabilidade da representación escénica da obra no que se refire aos aspectos que afectan ao número de personaxes, espazo escénico, condicións técnicas, etc.

O premio poderá ser declarado deserto se así o considerase conveniente o xurado.

Sexta.-Comunicación do ditame.

A decisión do xurado terá lugar dentro dos dous meses seguintes ao remate do prazo de admisión dos orixinais e darase a coñecer a través dos medios de comunicación.

Para o caso de que o texto premiado fose presentado baixo pseudónimo, o anuncio público do texto premiado servirá de notificación ao seu autor. De non presentarse o autor á recepción do premio, o IGAEM poderá igualmente facer uso da obra premiada nos termos destas bases sen prexuízo do dereito de cobramento do premio, sempre que o seu autor se identifique e se presente para el nun prazo de tres meses desde a notificación pública. Transcorrido este, perderá o dereito á súa percepción económica.

Igualmente, a pedimento do autor poderá obviarse a autoría do texto teatral na publicidade da concesión do premio, así como na publicación e posta en escena da obra premiada.

Sétima.-Publicación da obra premiada.

A obra galardoada será publicada polo IGAEM na súa colección de textos dramáticos Os libros do Centro Dramático Galego, coa finalidade da difusión cultural competencia deste organismo.

Oitava.-Representación da obra premiada.

O IGAEM conservará durante dous anos, contados a partir da concesión do premio, os dereitos para representar a obra premiada.

O IGAEM sacará a concurso público, dentro da convocatoria anual de convenios de produción e distribución para compañías de teatro profesional, a obra galardoada, co obxectivo de que as compañías teatrais galegas que o desexen poidan optar ao dito concurso. A comisión encargada da valoración dos proxectos determinará, en función das garantías que se establezan, cal será a compañía que poña en escena a obra gañadora.

O IGAEM poderá levar a cabo a representación da obra premiada dentro dos seus obxectivos de difusión e promoción do teatro a que fai referencia o artigo 9 da súa lei de creación e, polo tanto, sen pretender a explotación económica da obra premiada en referencia a obter beneficio comercial coa súa explotación. Sen prexuízo do indicado, poderá cobrarse entrada no despacho de billetes nas representacións realizadas en virtude deste premio, sen que polo propio obxecto dos fins do IGAEM, isto supoña explotación comercial da obra.

Este premio non exige a cesión dos dereitos económicos derivados da propiedade intelectual da obra, que serán executados, en todo caso, polo seu autor, conforme o seu dereito, e no que respecta ás representacións derivadas deste premio, en todo caso, coa porcentaxe correspondente da recadación que puidese derivarse das representacións que fosen efectuadas.

Novena.-Retirada de orixinais non premiados.

Os orixinais non premiados poderán ser retirados das oficinas do IGAEM nun prazo de 30 días naturais contados a partir do seguinte ao da decisión do xurado.

A pedimento do solicitante, abrírase o sobre da identificación do autor, co fin de comprobar a identidade do petionario coa autoría da obra mediante a coincidencia do documento de identidade presentado e o incluído no sobre. Logo de realizado este trámite, entregaráselle o texto teatral ao seu autor, e este deberá asinar o recibo correspondente.

Aqueles orixinais que non sexan retirados no prazo indicado pasarán a formar parte dos fondos do Centro de Documentación do IGAEM, que terá potestade para desvelar a identidade do autor da obra para os efectos de conservar o orixinal como fondo documental, excluindo calquera outra difusión non autorizada expresamente polo autor. Unha vez utilizados os sobres dos datos persoais para a finalidade descrita, serán destruídos sen máis.

Décima.-Aceptación das bases.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Décimo primeira.-Desenvolvemento das bases.

A xerencia do IGAEM poderá ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria.

Décimo segunda.-Entrada en vigor.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2005.

José Manuel Soto Virulegio

Xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

*Resolución do 12 de maio de 2005 pola que se fai pública a convocatoria do III Premio Internacional Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres.*

O IGAEM, a través do Centro de Documentación das Artes Escénicas e Musicais, tentando dinamizar e dar pulo a unha das formas artísticas de maior incidencia social, a do teatro de títeres, en lembranza dun dos galegos pioneiros deste tipo de teatro, Barriga Verde, convoca o III Premio Internacional Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres, conforme ás seguintes bases:

Primeira.-Premio.

Anúnciase a terceira convocatoria do Premio Internacional Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres, correspondente á edición 2005, na que se establecen dúas modalidades cunha dotación económica de 3.000 € para cada unha.

As citadas cantidades serán imputadas nos orzamentos de gasto para o exercicio de 2005 con cargo á aplicación orzamentaria 1060.354A.640.1 de investimento de inmaterial do IGAEM e estará suxeita ao tratamento fiscal correspondente en vigor no momento da concesión.

Segunda.-Requisitos.

Poderán optar ao premio todos os autores, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten obras inéditas, non representadas nin premiadas con anterioridade, escritas en calquera lingua oficial, sempre e cando estes textos veñan acompañados da súa correspondente tradución ao galego consonte coa lexislación vixente.

O autor galardoado nunha edición en calquera das dúas modalidades non poderá presentarse a este premio nas dúas convocatorias seguintes do mesmo.

As obras serán de temática e extensión libres, considerando o principio de duración normal dun espectáculo completo entendido nun sentido amplo, quedando excluídas, xa que logo, as obras de teatro breve.

Terceira.-Modalidades.

Establécense dúas modalidades ás que os autores poderán optar:

-Textos de teatro de monicreques para rapaces.

-Textos de teatro de monicreques para adultos.

Cuarta.-Presentación de orixinais.

Os orixinais presentaranse acompañados de, polo menos, unha copia na lingua orixinal e cinco en galego, en exemplares separados, mecanografiados a dobre espazo, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados e en perfectas condicións de lexibilidade.

Os textos orixinais presentaranse baixo un título ou lema inscritos na súa portada, acompañados dun sobre pechado que conteña no seu exterior os mesmos datos e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, número de teléfono, correo electrónico -se dispón del -, a súa nacionalidade e fotocopia do documento que a acredite.

Quinta.-Prazo e lugar de admisión.

A admisión de orixinais remata no prazo de 90 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución que faga públicas as presentes bases no *Diario Oficial de Galicia*.

Os textos que desexen optar ao premio deberán ser remitidos ao seguinte enderezo: III Premio Internacional Barriga Verde, Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, rúa da Vesada, s/n (San Lázaro), 15703 Santiago de Compostela.

Así mesmo poderán presentarse nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ou polos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Sexta.-O xurado.

O xurado estará composto por un presidente e catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural e no teatro de monicreques. O conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia nomeará o presidente e a dous dos catro vogais, en tanto que o Consello Reitor do IGAEM nomeará os outros dous. Actuará como secretario, con voz e sen voto un traballador do IGAEM proposto polo xerente.